



ANEXO II. CONSENTIMIENTO PARA O TRATAMENTO DE DATOS.

Don/a con
DNI núm. , aporta o seu currículum que só ten: datos de contacto, datos académicos, outros coñecementos, aptitudes profesionais e experiencia coa **FINALIDADE** de :

- Incorporación a Bolsa de Emprego do IES MURALLA ROMANA co fin de axudarlle na procura de emprego e a inscrición nas ofertas laborais recibidas no instituto, comprometéndose a comunicar ao centro a súa incorporación ao mundo laboral cando realice funcións da categoría profesional dos estudos realizados.

A persoa candidata:

- Garante que os datos do seu currículum son verdadeiros, exactos e están actualizados. A estes efectos o candidato responde da veracidade de todos os datos do currículum e manterá convenientemente actualizada a información facilitada.
- **Acepta o tratamento dos seus datos segundo os termos expresados a continuación:**

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

Os datos persoais recollidos no presente formulario así como no currículum vitae anexo a este serán tratados na súa condición de responsable pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade coa finalidade xeral de xestionar a Bolsa de Emprego do IES MURALLA ROMANA, así como informar ás persoas interesadas a través do correo electrónico ou de chamada telefónica sobre o correspondente proceso de selección. A lexitimación para o tratamento dos seus datos en ambos casos será o consentimento outorgado polas persoas interesadas. Os datos persoais poderán ser comunicados a futuras entidades empregadoras aos efectos de que estas poidan valorar as diferentes candidaturas.

As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Así mesmo, poderá retirar o consentimento previamente outorgado ante o propio centro docente ou dirixindo á súa comunicación a emprego.ies.muralla.romana@edu.xunta.gal. A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Os devanditos datos persoais serán conservados, salvo que as persoas interesadas retiren antes o seu consentimento previamente outorgado ou solicite a súa supresión, ata que comunique a súa incorporación ao mundo laboral ou como máximo ata dous anos desde a última actualización.

Transcorridos os prazos estipulados, o seu currículum será destruído, conservándose a presente autorización durante o tempo necesario para atender ás responsabilidades que se poidan derivar do tratamento dos seus datos (tres anos).

Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos?langId=gl_ES.

Lugo, de de

Firma da persoa candidata

* Se o precisa a impresión e escaneado deste documento será feita sin custo na conserxería do IES MURALLA ROMANA
Enviar esta autorización xunto có currículum a emprego.ies.muralla.romana@edu.xunta.gal